


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

2 – 3 de maio do 2020

IV DOMINGO DE PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1

1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

Nota: O tema de hoxe vai ser PASCUA NA PALABRA CRIBLE, para motivarnos a escoitar a Palabra de Xesús e facela vida nosa.

Xunto a vela que estes días tiñamos na mesa colocamos tamén unha Biblia ou uns Evanxeos, e temos á man un papel e algo con que escribir.

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hoxe aquí, na casa, estamos reunidos no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Amén.

Na nosa sociedade unha das cousas que máis se apreza nas persoas é o saber expresarse, comunicar. É tan importante o “que se di” como o “como se di”.

O evanxeo amósanos que tamén Xesús lle dá moita importancia ao “que di” e a “como o di”, El é un gran comunicador. A súa Palabra é unha semente chea de vida, de verdade. A súa voz propón un novo xeito de vivir: na responsabilidade persoal, no acompañamento, no compromiso, e sobre todo na irmandade que crea comunidade. Faino coma BO PASTOR.

A Pascua na casa lévanos a escoitar esa Palabra de Xesús pois a súa voz válenos a pena.

🎵 *A túa Palabra é o meirande ben*

2

Monitor/a

No noso camiñar de Pascua, acendemos esta vela na nosa casa, á beira dunha biblia ou duns evanxeos.

Na Vixilia Pascual, lendo algunhas pasaxes bíblicas percorremos a Historia da Salvación do pobo de Israel rematando coa Resurrección de Xesús. A PALABRA de Deus é a que ilumina o noso camiñar ante as dificultades que se poidan presentar no andar de cada día.

(Acéndense a vela)

Señor Xesús,
que a túa PALABRA nos ensine o camiño,
que nos alente na responsabilidade
á hora de sermos nós homes e mulleres de palabra,
de esperanza cada día,
sentindo que a vida sempre vale a pena,
aínda que ás veces no camiño haxa rutinas e mentiras.

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración coa oración que xunta as nosas intencións ante o noso Pai Deus.* *(silenzo)*

Deus de misericordia, guíanos á asemblea do ceo; que a pesares das nosas debilidades e da xordeira á túa PALABRA, cheguemos aos pastos verdecentes do teu Reino, onde nos agarda Cristo, o Bo Pastor, Vivo e Resucitado por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *Nestes días da Pascua, dende a casa, somos invitados a escoitar a voz de Cristo o Bo Pastor. El é a porta de entrada a unha vida nova afincada na esperanza para superar os medos e os atrancos.*

Escoitemos a súa PALABRA, sigamos as súas pegadas, pois Cristo é o BO PASTOR a quen vale a pena facer caso por que El quere coidar de todos nós.

Leccionario I A páx 147 Feit 2, 14a. 36-41 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O día de Pentecoste, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e dixo:

- Saiba con certeza toda a casa de Israel que Deus fixo Señor e Mesías a este Xesús a quen vós crucificastes.

Ao sentiren isto, quedaron moi impresionados e dixéronlle a Pedro e aos outros apóstolos:

- Irmáns, que debemos facer?

Pedro respondeulles:

- Arrepentídevos e cambiade, que cada un de vós se faga bautizar no nome de Xesús para o perdón dos seus pecados, e recibiredes o don do Espírito Santo. Porque a

promesa é para vós, e máis para os vosos fillos e para todos os que están lonxe, tantos como queira chamar o Señor noso Deus.

Con moitas outras palabras testificaba e animábaos, dicindo:

- Salvádevos desta xeración ruín.

Os que recibiron a súa palabra foron bautizados: e ese mesmo día xuntáronselles arredor de tres mil almas.

Palabra do Señor

🎵 *No colo da miña nai*

SALMO

(en pé) *Leccionario I A páx 149 Xn 10, 1-10 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dixo Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido. En cambio, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. Cando as dá sacado todas, vai diante delas e as ovellas ségueno, pois recoñecen a súa voz. Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos.

Díxolles Xesús esta alegoría mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender. Entón díxolles de novo:

- Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. Todos os que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase: entrará e sairá e atopará pasto. O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Monitor/a Nesta semana de Pascua estamos convidados a afondar no grande signo da fe, que para nós, é A PALABRA DE DEUS que nos enche de vida:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible (no día de hoxe)

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

No taboleiro da PASCUA

Celebrante A PASCUA NA PALABRA, na que escoitamos a Deus, na que nos alenta tamén para sermos nós homes e mulleres de palabra, e palabra crible, non desas que leva o vento.

Coma proposta deste momento:

* intentaremos traer da memoria aquelas palabras de Xesús que nos sorprenderon algunha vez, e mesmo aínda sendo pronunciadas fai 2000 anos, seguen séndonos moi necesarias.

* intentaremos traer da memoria algunhas palabras que para nós teñen un significado especial, que para nós teñen sido e son palabras importantes (ímolas ir escribindo nun papel para telas presente ao longo da semana) por exemplo: soñar, verdade, agarimo, delicadeza, sorriso, evanxeo, tenrura, traballo, xustiza, carreiros, lareira, natureza, choiva, Os Cotos, nai, terra...

Monitor/a

(o monitor lee os textos que está no taboleiro que poñemos a seguir, deixando un pequeno silencio entre un e outro, e se alguén quere pode facer algún engadido)

PASCUA NA PALABRA CRIBLE

Palabra que ensina, aconsella e alenta

A Biblia é a PALABRA DE DEUS, e Xesús faina PALABRA VIVA



Dinos Xesús:

"Quen escoita as miñas palabras ... e as leva ao corazón, construe a súa vida sobre rocha, non sobre aréa". Mt 7, 24-29

Descarga a súa Palabra na túa vida.



Falar do que pensamos e do que sentimos, non calalo, é algo que sempre valerá a pena. Sigamos o exemplo de Xesús: escollamos ben que dicir, cando dicilo e como dicilo.

oscotos.eu



COMPARTINDO O CREDO PASCUAL

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

Celebrante Nestes días de Pascua, querendo facer nosas as PALABRAS do evanxeo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

Monitor/a

• Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

SI, RENUNCIO

• Renunciades a calar diante das inxustizas e das necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

SI, RENUNCIO

- Renunciades aos criterios e comportamentos materialistas que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida; que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

SI, RENUNCIO

Celebrante Deixándonos quecer á beira do LUME da fe, cos ollos postos na LUZ do Resucitado, cos oídos atentos á súa voz, compartimos nos feitos e nas PALABRAS a nosa fe pascual

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI, CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man resucitándonos para mellorar e medrar no coidado da vida cos demais?

SI, CREEMOS

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para berrar ante os abusos, que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

SI, CREEMOS

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *En familia, sentindo viva en Xesús a Palabra de Deus, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos*

Señor da vida, escoita a nosa oración

Monitor/a

1. Señor, iniciamos a nosa pregaría pedindo pola Igrexa, comunidade dos que escoitan a Palabra viva de Xesús e presente neste fogar, que saibamos camiñar con espírito de diálogo, escoitando e respectando, oremos

2. Señor, rezamos por todas as nais. Delas son as primeiras palabras que escoitamos, e ensináronnos o valor da responsabilidade e da preocupación por todos, oremos

3. Señor, rezamos polos homes e mulleres que son un bo exemplo coas súas palabras, cos seus sentimentos, cos seus feitos. Queremos que o sigan facendo á nosa beira ensinándonos que tamén nós podemos facelo, oremos

4. Polos traballadores e traballadoras que nestes días miran o seu futuro con pouca esperanza. Polas persoas que teñen responsabilidade no mundo laboral, que teñan oídos atentos, que non calen abusos, e que loiten por un mundo laboral máis xusto e digno, oremos

5. Polos voluntarios e profesionais que tanto ben fan nestes días, son para todos nós unha palabra de alento. Por eles oremos

Celebrante Señor, Ti es o noso Bo Pastor. Que saibamos escoitar a túa Palabra e recoñecerte na nosa comunidade, celebrando a fe cada un na súa casa. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Tratemos de facelo pensando como soaría nas súas mesmas PALABRAS. Dicimos:
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: PAZ CONVOSCO son palabras do Resucitado. Acollamos pois esa voz, e contaxiémola a todos, por iso agora lemos as palabras que antes escribimos, pois son para nós camiños de paz.

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: Pola man dos apóstolos a primeira comunidade de discípulos botaba a andar dando testemuño da Resurrección.

Aquela primeira comunidade, reunida nas casas, escoitaba a PALABRA de Xesús transmitida polos homes e mulleres que a escoitaron de primeira man. Que compartamos de verdade hoxe a nosa fe estando atentos e escoitando a quen é silenciado.

Ditosos nós que en familia o podemos facer.

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL


Celebrante:

Pai santo, queremos vivir seguindo as PALABRAS do teu fillo Xesús. El, dende este fogar, aléntanos e ensínanos a seguilo. Quérenos dando razón da nosa esperanza a todos os que nos atopemos no camiño da vida, xa sexa porque procuran de nós unha palabra de comprensión, ou un berro a prol da xustiza. Pedímoscho a Ti, Pai, por Cristo noso Bo Pastor. Amén.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

ALELUIA !!
“CRISTO ESTÁ
RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA

